

Avó, avó! Vin o arco da vella

Olga Patiño Abeixón

Artigo gañador do Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2005

-Avó, avó! Vin o arco da vella.

Esa era a noticia que o meu afillado devecía por contarnos un día pola tarde despois de chegar da escola. Vira o arco da vella. Desfacíase en palabras para falar das cores, dos efectos que lle producira a súa visión e moitas cousas máis; el quería ir buscar o tesouro que se atopaba na ola da base do arco da vella... Decía que alí atoparía xirafas, *gharulos* de amorodo, buxainas de cores, *ghatos* coma o do señor Alfonso e michiños coma Boliña. Os nenos e as nenas teñen un potencial imaxinativo e creativo riquísimo que os fai gozar de calquera situación; a nós interéсанos ese potencial porque é a garantía da existencia da nosa lingua.

Que desgusto cando a miña curmá chegou á casa dicindo que ao rapaz lle ían chamar Jonathan. Ao seu compañeiro parecíalle exótico. Lémbroo coma hoxe, parecíalle orixinal! Todos aqueles libros, folletos e listaxes de nomes que lles achegara non serviran para nada. A análise xenealóxica das familias era moito máis orixinal que a nova incorporación onomástica, mais o meu curmán seguía pensando que a súa proposta era orixinal. Non quería Xosé, nin Lois, nin Anxo, nin Antón, nin Uxío, nin Brais, nin Duarte..., quería algo máis orixinal. Meu pai só se acordaba dun chiste dos «Morangos»: Jonathan parecíalle tan orixinal coma Manuel. Decía que había algo que non entendía, que como o ía escribir o rapaz cando fora grande, que se lle tiña que pór un acento...

Aínda non o coñecemos e Jonathan xa ía ás festas do lugar e ás da vila, asistía ás miñas confidencias e ás da miña curmá e tamén coñecía as discusións polo seu nome. A médica foi a que nos dixo que el xa escoitaba, que xa se estaba a familiarizar co contorno familiar. Eu estaba contenta, xa podía escoitar a súa lingua.

Xurei e traballei para desde o primeiro día darlle a oportunidade de inventar e crear todo o seu imaxinario en galego, que as palabras novas que nos fixeran rir foran en galego, que activara en nós a imaxinación.

Din os sabichóns e as sabichonas que cando somos seres pequeniños aprendemos partindo da imitación, do que escoitamos e da nosa participación activa directa. Tamén din que primeiro son as cousas máis próximas as que somos quen de nomear para despois chegar a aquelas que descoñecemos, tamén din que se o facemos desde a lingua propia nomearemos con máis

propiedade. O papel das nais e dos pais, dos avós e das avoas..., da familia, é o de sermos orientadores e orientadoras da palabra, na lingua propia de Galiza. Tamén alimentaremos con isto a necesaria futura autoestima lingüística e confianza.

E volvendo co tesouro do arco da vella, vouvos contar onde están algunha desas olas. O tesouro teno Jonathan na súa lingua, o tesouro teno meu pai cada vez que lle conta a Jonathan unha historia..., igual que mas contaba a min e á miña curmá, o tesouro telo ti cada vez que lle ofreces a un neno e a unha nena a posibilidade de que aprenda a falar na nosa lingua. O tesouro está nos caderniños das vogais que falan do axóuxere e dos amorodos e das ananás; o tesouro está nas cancións en galego como as de Migallas, nas trasnadas que fan as tres xemelgas, nos paseos con «ghuini de pu»...

Aínda que na escola sigan comendo *gharulos de fresa*, como di Jonathan cando fai referencia aos iogures que alí toma para a merenda, nós faremos que os saboreen de amorodos e ananás, que se sorprendan descubrindo unha bolboreta e vendo camiñar unha xoaniña, que se arrisquen a subir enriba dunha mesa e agocharse debaixo dunha cadeira, que guinden un vaso ao chan e o rompan, que aprendan e gocen dos seus divertimentos en lingua galega.